



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/000041**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día un de decembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non asisten por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e Visto que existe o mínimo quórum para celebrar a sesión, queda aberta pola Presidencia e celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 24.11.22 (ORDINARIA) .-**

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes).

#### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

Pola secretaria municipal dáse conta aos presentes da proposta de Alcaldía de prórroga de licenza que se trámita para o expte de obra maior núm. 45/2019; proposta que de seguido se reproduce:

“Proposta de Alcaldía: \_

Nº Expediente: 45/2019

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/10/2019 polo que se concedeu a [REDACTED] licenza para as obras de contrución de vivenda unifamiliar no [REDACTED] [REDACTED] Outorgouselle un prazo de 36 meses para a execución das obras, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 16/10/2019.

Visto escrito presentado polo interesado o 26/09/2022, con nº de rexistro de entrada 202299900001477, no que solicita unha prórroga da licenza de obras outorgada.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Xirada visita en data 10 de outubro de dous mil vinte e dous, compróbanse que as obras estanse a executar.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 25 de novembro de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita [REDACTED] (expediente 45/2019), parroquia de [REDACTED]

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 48,08 €.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño a 29 de novembro de 2022  
O Alcalde, Alberto González Fernández”.

**Examinada pola Xunta de Goberno Local a proposta referida, este órgano en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión - (3) dos 5 membros que a compoñen-, resolveu conceder a prórroga de licenza nos términos da citada proposta de Alcaldía.**

## PARTE ACTIVIDADE

### **3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

